

CONVOCATORIA CONCURSO FOTOGRAFÍA, PINTURA E POESÍA ENTRE OS PROFESIONAIS DA ÁREA SANITARIA DE FERROL

OBXECTO DO CONCURSO:

Con motivo da celebración do Día do Libro, 23 de abril, a **Biblioteca da Área Sanitaria de Ferrol** organiza un concurso de **Fotografía, Pintura, e Poesía** dirixido a tódalas persoas que traballan nos centros adscritos á Área Sanitaria de Ferrol.

QUEN PODE PARTICIPAR?

Tódolos profesionais da Área Sanitaria de Ferrol que están a desenvolver a súa actividade en calquera dos Centros de Saúde, PACs e centros hospitalarios adscritos a ela ou aqueles que teñan a condición de xubilados da Área Sanitaria.

CATEGORÍAS:

Fotografía

Pintura

Poesía

COMO PARTICIPAR?

- Cada obra será presentada baixo o sistema de plica, polo que se enviará en sobre pechado, indicando no seu exterior: **Concurso polo Día do Libro-Letras Galegas 2021**; a categoría á que se presenta (Fotografía, Pintura ou Poesía); o título da obra ou o seu lema; así como o pseudónimo da persoa que sexa a autora da obra. En pintura, especificarase tamén a técnica utilizada.

No seu interior, será incluída a obra (Fotografía orixinal de 20x30 cm, para a categoría de Fotografía. Fotografía de 20x30 cm do cadro, para a categoría de pintura. E unha páxina de DinA4, en Arial 12, para poesía); e un novo sobre pechado tamén con categoría, título e pseudónimo no exterior e que conterá a documentación seguinte:

- Copia do documento de identidade.
- A dirección, un teléfono de contacto e un enderezo de correo electrónico.

- Unha declaración de que a obra é inédita e que non foi premiada, ata a data de presentación, en ningún outro certame ou premio.
- Declaración responsable que manifieste ser a persoa autora e titular de todos os dereitos e da súa cesión temporal para os efectos da reprodución total ou parcial da obra por parte dos organizadores.
- Declaración de consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude para a participación no Premio, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Estes datos serán utilizados unicamente para a identificación das persoas gañadoras, e non se gardarán en ningún ficheiro electrónico con posterioridade, procedéndose á súa eliminación. Os participantes permitirán o uso dos seus nomes a efectos de publicidade ou exposición das obras.

TEMA CENTRAL DO CONCURSO:

A temática é libre.

COMO SE AVALIARÁN OS TRABALLOS?

Os traballos avaliaranse de acordo aos seguintes criterios:

1. Creatividade
2. Mensaxe que aporta
3. Orixinalidade

Seleccionarase un traballo finalista para cada unha das modalidades.

ONDE SE ENTREGAN OS TRABALLOS?

O persoal da Biblioteca recollerá os sobres remitidos, de luns a venres de 8.00 a 15.00 horas.

DATAS:

A **data límite** para o envío dos traballos é o día **venres 14 de maio**.

A entrega de premios realizarase na semana de celebración do Día das Letras Galegas.

COMPOSICIÓN DO XURADO:

O xurado será presidido polo subdirector de Humanización, Calidade e Atención á Cidadanía e estará composto por:

- Juan M. González Lorenzo (Subdirector de Humanización, Calidade e Atención á Cidadanía)
- Amanda Gómez Costa (de ADECASFE Asociación Deportivo Cultural da Área Sanitaria de Ferrol)
- Ana Suárez Castro (de ADECASFE Asociación Deportivo Cultural da Área Sanitaria de Ferrol)
- Eduardo Pérez Gil (Fotógrafo)
- Manuel Carballeira Rivas (Pintor)

A decisión do xurado será inapelable.

PREMIOS:

Establecerase un premio para cada unha das categorías.

Serán tres lotes de libros, e cada lote estará composto por 13 libros cada un (doazón do grupo editorial *Penguin Random House*).

A entrega de premios realizarase na semana de celebración do Día das Letras Galegas. As persoas que resulten gañadoras serán convocadas ao acto de entrega de premios que se celebrará o día 21 de maio no Salón de Actos do Hospital Arquitecto Marcide. O número de persoas asistentes ao acto de entrega estará condicionado ao aforo máximo permitido na actual situación de pandemia.

Os traballos dos gañadores quedarán a disposición da Área Sanitaria, que poderá facer uso delas nas ocasións e motivos que se estime conveniente.

PROPIEDAD DOS TRABALLOS:

Os traballos recibidos serán expostos durante un mes no Hospital Arquitecto Marcide e exhibiranse de xeito individualizado na Intranet.

A participación no concurso supón a autorización expresa das persoas participantes da cesión dos dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación en favor da Área Sanitaria de Ferrol durante o tempo da exposición.

Transcorrido o dito prazo dun mes as persoas que así o desexen poderán retirar a súa obra.